No grupo parlamentario popular e no Goberno da Xunta de Galicia sabemos que os medios de transporte non deben basearse en competir, deben complementarse entre si. Neste marco, un dos seguintes pasos que Galicia debe abordar para garantir uns transportes públicos de calidade é a conexión sinxela entre os diferentes modos de transporte. E, para iso, é necesaria a execución das estacións intermodais nas distintas cidades galegas.

Desde a Xunta, segundo puidemos saber na comparecencia a petición propia da Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, se traballa coa previsión de que este mesmo ano, se liciten as obras das primeiras terminais, algo para o que será imprescindible a colaboración dos propios Concellos xa que son proxectos que requiren dun esforzo colectivo, entre as tres administracións implicadas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta en Pleno:

-Cal é o balance da Xunta con respecto as estacións intermodais e cales son as datas previstas para acadar estas infraestruturas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:34
Nº Rexistro: 21844
Data envío: 27/12/2017 12:34:18.971

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 11:49:22

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2017 11:49:41

Gonzalo Trenor López na data 27/12/2017 11:49:51

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/12/2017 11:50:15

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 11:50:29

María Ángeles García Míguez na data 27/12/2017 11:50:51

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 11:51:04

Paula Prado Del Río na data 27/12/2017 11:51:11

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2017 11:51:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/12/2017 11:51:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2017 11:51:57

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2017 11:52:09

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 11:52:20

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2017 11:52:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2017 11:52:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 22170(10/POP-002633)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da seguridade
das novas pasarelas da ponte de Rande

Publicación da iniciativa, 236, 10.01.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 31 de decembro o Presidente do Estado participaba do simulacro de inauguración da ampliación de Rande, simulacro no senso de que non estaba a presentar unha obra completamente rematada nin unha obra que poda considerarse estritamente unha ampliación da autoestrada.

Dende ese día numerosos son os usuarios que alertan da intranquilidade que a mesma ofrece en termos de seguridade, á que deberíamos engadir a “agorafobia” que provoca o seu concepto excesivamente aberto sobre a ría de Vigo, que pode incluso provocar sinistros por acción do coñecido “efecto mirón” que pode verse incrementado polo tipo de solución adoptada neste caso.

Existe ademais certa intranquilidade nos usuarios sobre como se van resolver as posibles incidencias que se poidan dar neses carrís únicos por alcances, avarias, sinistros, sen provocar máis accidentes ou problemáticas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**:

- Que valoración fai a Xunta da seguridade das novas pasarelas da Ponte de Rande?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22170
Data envío: 03/01/2018 14:08:58.236

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 03/01/2018 14:07:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 23170(10/PUP-000138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión cautelar das sondaxes mineiras e demais labores que está a realizar a empresa Sociedad Cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, mentres non se garanta o abastecemento de auga na zona

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando e Juan José Merlo Lorenzo deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa as sondaxes que realiza a empresa Sociedad Cobre San Rafael, S.L. nos concellos de Touro e O Pino.

Xustificación da Urxencia.

A Plataforma Veciñal “Mina Pino Non” fainos traslado destes asuntos que facemos nosos:

En relación ás sondaxes mineiras que realiza a empresa Sociedade Cobre San Rafael, S.L. nos concellos de Touro e O Pino, constátase o seguinte:

1.- Ausencia dun estudo hidrolóxico e que permita identificar claramente as fontes, cursos de auga, etc., existentes na área de realización das labores mineiras. A falla destes estudos é un risco inminente para os acuíferos subterráneos e a capa freática. Calquera alteración da capa freática produciría unha alteración dos e dos mananciais próximos. Unha capa freática é unha acumulación de auga subterránea que se atopa a unha profundidade relativamente pequena baixo o nivel do chan. Concretamente é un acuífero, coa diferenza de que os acuíferos poden estar tamén a maiores profundidades. Como queira que os lugares onde realizan as sondaxes en xeral está próximos a regatos e fontes, existe un risco probable e inminente de alteración das augas empregadas para o subministro humano. De feito a empresa non identificou os mananciais que están



a ser usados para abastecemento humano e gandeiro, polo que as probabilidades da súa afectación son bastante evidentes. Delas aliméntanse os pozos e as fontes de auga, potable ou non. Son os acuíferos máis expostos á contaminación proveniente da superficie. Para a maioría dos cultivos agrícolas e gandeiros a capa freática debe atoparse a certa profundidade, porque a profundidades menores o rendemento redúcese, polo que podería verse afectada a rendibilidade das terras agrícolas e gandeiras co conseguinte para as gandeiras e explotacións agrícolas. Polo principio de precaución en materia solicítase a suspensión temporal das sondaxes en tanto en canto non se dispoña dos correspondentes estudos que permitan garantir ás comunidades o abastecemento de auga.

2.- Ausencia de autorización de Augas de Galicia para o emprego de auga nas sondaxes que a realizar.

3.- Falla de seguridade na realización das sondaxes e ausencia dun perímetro de seguridade o que a existencia dun risco inminente de accidente.

4.- A falla dun estudo supón o risco de desprendemento de noiros.

5.- Ausencia de medidas correctoras de mitigación de desprendementos e accidentes.

6.-Falla de sinalización adecuada das labores mineiras.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente:**

Vai a Xunta de Galicia a suspender cautelarmente as sondaxes mineiras e demais labores que se están a realizar sen autorización, en tanto en canto, non se garanta a viabilidade dos acuíferos, pozos, cauces, fontes e demais recursos hídricos que abastecen á poboación, á cabaña gandeira e ás explotacións agrícolas?



Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando

Juan José Merlo Lorenzo

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/01/2018 17:14:31

Marcos Cal Ogando na data 15/01/2018 17:14:46

Juan José Merlo Lorenzo na data 15/01/2018 17:14:57

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 23165(10/PUP-000135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A., na zona sur da provincia de Pontevedra



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 16:54
Nº Rexistro: 23165
Data envío: 15/01/2018 16:54:39.068

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

Os últimos acontecementos coñecidos poñen en perigo a continuidade da empresa “Maderas Iglesias S.A.”, xenerando moita preocupación social na zona sur da provincia de Pontevedra.

Exposición de motivos

A empresa “Maderas Iglesias S.A.”, que conta con centros de produción no Porriño e Mos, foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Aínda que na actualidade o seu cadro de persoal vise reducido a 253 traballadoras/es, segue sendo unha das principais empresas da área de Vigo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 16:54
Nº Rexistro: 23165
Data envío: 15/01/2018 16:54:39.068

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Preconcurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron oídos xordos aos seus consellos, derivando nunha diferenza abismal na súa aplicación: mentres que hai empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, “que pagaría cando el o estimase oportuno”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 16:54
Nº Rexistro: 23165
Data envío: 15/01/2018 16:54:39.068

Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

A longo deste tempo, as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostibel e pon en grave risco a continuidade da empresa e do emprego. Na última rolda de negociacións, que comezaron o pasado 12 de decembro, o empresario propuxo o despedimento de 140 traballadoras/es, coa ameaza de peche da empresa se non se acepta esta proposta. Unha chantaxe en toda regra, que forma parte do *modus operandi* do dono da empresa.

O pasado 28 de decembro unha representación do comité de empresa, das alcaldías da comarca e das organizacións sindicais reuniuse no parlamento galego con representantes de todos os grupos. E posteriormente integrantes do comité mantiveron un encontro co IGAPE. Nesta xuntanzas púxose de manifesto o apoio dos grupos parlamentares e a necesidade de que a consellaría de Industria interveña diante da propiedade da empresa para procurar a viabilidade do emprego e da empresa.

Cómpre ter en conta que existe un mandato parlamentario, mediante acordo unánime do pleno que tivo lugar o pasado 17 de outubro de 2017, que insta ao goberno galego a “facér xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias SA coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 16:54
Nº Rexistro: 23165
Data envío: 15/01/2018 16:54:39.068

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que xestións realizou a Xunta de Galiza desde o pleno do pasado 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2018 16:52:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 16:54
Nº Rexistro: 23165

Data envío: 15/01/2018 16:54:39.068

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2018 16:52:20

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2018 16:52:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2018 16:52:23

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2018 16:52:24

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2018 16:52:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 20307(10/POP-002413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 12:41
Nº Rexistro: 20307
Data envío: 16/11/2017 12:41:25.799



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Concepción Burgo López, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Dolores Toja Suárez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Está claro que el espolio realizado polos Franco vai moito máis alá do Pazo de Meirás. De forma continua están aparecendo obxectos apropiados de forma ilexítima por membros da familia. Agora acaba de darse a coñecer que a muller do ditador, Carmen Franco, levouse da igrexa de románica de San Xián de Moraime do século XI, situada no concello de Muxía, ao redor de 1960, dous pilóns medievais de gran valor que adornaban o patio da casa reitoral. Un era unha pila bautismal e outro unha de auga bendita.

O párroco de Moraime, testemuña desta apropiación, en 1980 e por consello de Domingo García Sabell, foi a un notario para testemuñar o sucedido e presentar todas as probas documentais de que as pilas medievais pertencían á igrexa de Moraime.

Ademais de varias xestións dun particular denunciando estes feitos, en 2010 o alcalde de Muxía dirixiuse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para darlle a coñecer esta situación pero nunca obtivo resposta. Polo que se ve a Xunta de Galicia, máxima garante por lei da conservación do patrimonio artístico galego, non lle preocupaba que uns obxectos medievais de moito valor estiveran de forma ilexítima en mans da familia Franco. De feito segue sen importarlle, porque nada fixo para recuperalas a pesar de ter acta notarial da denuncia dos feitos e probas documentais do espolio.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 12:41
Nº Rexistro: 20307
Data envío: 16/11/2017 12:41:25.799



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que accións vai poñer en marcha a Xunta de Galicia, como maior responsable da seguridade e preservación do patrimonio artístico galego, para recuperar os dous pilóns medievais que a familia Franco se levou de maneira ilexítima da igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
María Dolores Toja Suárez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/11/2017 12:37:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/11/2017 12:37:20

María Dolores Toja Suárez na data 16/11/2017 12:37:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 21728(10/POP-002549)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego
para preservar o patrimonio artístico, documental e
bibliográfico do Centro Gallego de Buenos Aires

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2017 10:30
Nº Rexistro: 21728
Data envío: 21/12/2017 10:30:52.226



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Concepción Burgo López e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nunha asemblea extraordinaria celebrada este pasado luns 18 de decembro, os socios do Centro Galego de Bos Aires decidiu autorizar o inicio de conversas para a próxima venda do edificio histórico e da xestión sanitaria a un grupo empresarial.

Fundado en 1907 o Centro Gallego de Buenos Aires é quizais o máis senlleiro centro da diáspora galega no mundo. Ademais das súas instalacións sanitarias e cirúrxicas, onde faleceu Alfonso Daniel Rodríguez Castelao en 1950, o centro conta cunha importante biblioteca e fonoteca, o Teatro Castelao e unha pinacoteca con obras de pintores galegos de alto valor artístico e patrimonial.

Tras máis de cinco anos de intervención desta entidade por parte das autoridades arxentinas por mor da súa grave crise económica e asistencial, e logo das sucesivas axudas achegadas pola Xunta de Galicia, asistimos a unha posible venda deste centro que pode poñer en risco, xa no só o valor afectivo e sentimental que representa para a nosa emigración, se non que xera preocupantes incertezas sobre a asistencia sanitaria aos seus asociados e sobre a preservación do importante patrimonio cultural que contén e vencellado con intensos lazos á colectividade galega na Arxentina.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para preservar o importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico do Centro Gallego de Buenos Aires?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2017

 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/12/2017 10:22:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/12/2017 10:22:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/12/2017 10:23:02

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/12/2017 10:23:06

Julio Torrado Quintela na data 21/12/2017 10:23:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 21996(10/POP-002610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural do Centro Gallego de Buenos Aires así como para a súa protección e posta en valor

Publicación da iniciativa, 236, 10.01.2018

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a venda do Centro Galego de Buenos Aires e o futuro do patrimonio cultural galego que se atopa neste espazo.

A venda do histórico e emblemático Centro Galego de Buenos Aires (CGBA) volve situar no do debate público e político o estado no que se atopa o patrimonio cultural galego no exterior, especialmente en Latinoamérica, cuxa salvagarda é responsabilidade da Xunta de acordo co artigo 4 da Lei 5/2016, de patrimonio cultural de Galiza.

As dificultades económicas polas que atravesamos o CGBA desde hai anos suporán a venda, como acordaron en asemblea as persoas que o integran, deste histórico espazo pondo en risco o futuro dos servizos que nel se prestan a milleiros de persoas.

Estamos a falar dun importante servizo asistencial-sanitario e dun rico e abondoso patrimonio cultural, bibliográfico (de até 20 mil volumes); pictórico, con obras de Castelao, Maside, Seoane ou Laxeiro; documental, fotográfico e mesmo sonoro, de grande valor histórico.

A historia de Galiza e do pobo galego non podería ser concebida sen a enorme contribución das galegas e galegos na diáspora, quer na emigración, quer no exilio; polo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 13:25
Nº Rexistro: 21996
Data envío: 02/01/2018 13:25:37.457

que o Goberno galego debe asumir a súa responsabilidade e garantir a protección e posta en valor do inmenso patrimonio cultural da Galiza exterior.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural do CGBA así como a súa protección e posta en valor?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 13:23:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 13:25
Nº Rexistro: 21996
Data envío: 02/01/2018 13:25:37.457

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 13:23:45

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 13:23:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 13:23:48

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 13:23:50

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 13:23:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 22681(10/PUP-000133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do Centro Galego de Bos Aires



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22681
Data envío: 10/01/2018 14:15:09.772

Á Mesa do Parlamento

Raquel Rodríguez Arias, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Diego Calvo López, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada polas últimas noticias acontecidas en relación ao centro galego de Bos Aires e a necesidade de ter unha posición en sede parlamentaria.

Logo de 110 anos de existencia, o Centro Gallego de Bos Aires está nunha situación crítica, acuciado polas débedas que mantén, sobre todo coa administración arxentina, acumuladas desde a súa intervención xudicial en 2012.

Trátase dunha entidade privada coa que, pola súa relevancia histórica, a Xunta de Galicia mantivo una relación moi cercana nas últimas décadas a través tanto de axudas económicas directas como a través da Fundación Galicia Saúde ata o ano 2011.

Ademais do labor fundamental que levou a cabo no ámbito asistencial desde a súa fundación, en 1907, os seus socios lograron reunir un importante patrimonio artístico e cultural.

O Goberno galego contribuíu ata a actualidade na preservación deste patrimonio do CGBA cos medios ao seu alcance, e debe seguir a facelo, respectando as decisións dos socios, únicos propietarios e garantes dos bens que posúe a entidade.

O 18 de decembro de 2017 os seus socios acordaron negociar coa fundación arxentina Favaloro e a española Ribera Salud a posible venda do inmovible, cunha serie de condicións para os compradores:

- Que asuman a totalidade dos pasivos da Mutualidade.
- Que asuman a totalidade do persoal da Mutualidade.
- Que se concrete un comodato gratuito a perpetuidade sobre un sector específico do edificio para albergar alí o patrimonio cultural que seguirá sendo propiedade da Mutualidade.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22681
Data envío: 10/01/2018 14:15:09.772

- Que un porcentaxe dos ingresos futuros polas cotas dos socios sexan para a xestión e mantemento do patrimonio cultural da Mutualidade.
- Que manteñan unha atención sanitaria de alta calidade, a perpetuidade, para os socios da Mutualidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte **Pregunta Oral en Pleno polo trámite de urxencia:**

-Como valora o Goberno galego a situación actual do Centro Gallego de Bos Aires?

Santiago de Compostela, 10 xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2018 14:12:00

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2018 14:12:14

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2018 14:12:54

Antonio Mouriño Villar na data 10/01/2018 14:13:10

Diego Calvo Pouso na data 10/01/2018 14:13:25

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 14:13:36

Paula Prado Del Río na data 10/01/2018 14:13:48

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2018 14:13:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 16918(10/POP-002128)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do
recoñecemento das competencias profesionais e a formación
necesaria para a adquisición do título de Técnico ou Técnica
Superior en Electromedicina Clínica

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O R.D 835/2015 regula o título de Técnico/a Superior en electromedicina clínica dándolle carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado. A partir das cualificacións profesionais, créase unha categoría na mesma liña que outros profesionais sanitarios como os técnicos especialistas en radiodiagnóstico.

O Ciclo formativo de electromedicina clínica pretende contribuír a mellorar a cualificación profesional das traballadoras e traballadores encargados de xestionar e realizar o montaxe e mantemento das instalación, sistemas e equipos de tecnoloxía sanitaria

Actualmente son xa cinco Comunidades Autónomas (Andalucía, Castela-A Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana e País Vasco) as que imparten o ciclo formativo, apostando por unha formación cualificada e unha mellora na calidade asistencial e a seguridade do paciente.

En Galicia, polo contrario, non só non se está a impartir dito ciclo formativo si non que o mantemento da maquinaria de electromedicina, que inclúe o mantemento e arranxo de equipos de endoscopia, incubadoras, TAC...etc., despois da súa privatización, foi adxudicado á empresa Iberman S.A na práctica totalidade do SERGAS agás o Novo Hospital de Vigo, no que a fórmula público-privada abrangue tamén o servizo.



A privatización do servizo empeorou a calidade do mesmo, producindo un aumento excesivo dos tempos de resolución, nalgúns supostos unha incorrecta reparación dos equipos e incluso ata deixar de asumir determinadas reparacións sen causa xustificada. O que finalmente supuxo que pola vía dos feitos a Xunta de Galicia non renovase a contratación coa empresa.

Na actualidade, a solución que procurou o Goberno da Xunta de Galicia, foi a de dar liberdade ás distintas EOXI para que contrate cada unha o servizo. Esta situación, unido a que Galicia non ten implantada a especialidade, produce un intrusismo que provoca a situación de que nas áreas sanitarias están derivando persoal con praza de electricista para levar o mantemento do equipamento electromédico. Algunhas áreas, crearon a figura de “Condutor de instalación” para levar a cabo o mantemento, circunstancia que motivou que o Consello de Contas no seu último informe advertirá da falta de transparencia no acceso a esa figura que ademais, segundo o informe do propio Consello, non é unha figura estatutaria.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- **Ten pensado a Xunta de Galicia o recoñecemento das competencias profesionais e a formación para a adquisición do título?**

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16918
Data envío: 19/09/2017 14:21:12.776



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 19/09/2017 14:18:56

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.10 21610(10/POP-002541)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información proporcionada pola Xunta de Galicia en relación cos convenios subscritos polo Sergas cunha empresa fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Entre os anos 2016 e 2017, a Xunta de Galicia asinou un convenio marco e catro convenios específicos para as áreas sanitarias de Lugo, Coruña, Santiago e Vigo, coa multinacional estadounidense Medtronic, fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía.

Segundo o convenio marco, o SERGAS pretende mellorar a eficiencia operativa e contribuír á xeración dun coñecemento especializado. Por outra banda a sinatura do convenio por parte da multinacional ten como obxectivo desenvolver o seu coñecemento e capacidade.

Os convenios específicos das áreas sanitarias como por exemplo a do CHUS, permiten á compañía reorganizar as unidades asistenciais obxecto do convenio.

En definitiva, o conxunto global dos convenios permite participar á empresa na Xestión hospitalaria de ditas unidades mediante a aplicación de criterios e principios empresarias de negocio, avaliando as necesidades e os costes da atención médica que presta o SERGAS poñendo a disposición desta tanto o conxunto dos recursos públicos como a información do propio Sistema Público de Saúde.

Ante esta noticia, a Asociación de Pacientes do Hospital de Santiago, con amparo na Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno e na Lei 19/2013 de transparencia e acceso a información, solicitou unha ampliación da información publicada pola



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21610
Data envío: 18/12/2017 14:04:13.652



Xunta de Galicia en relación aos anexos que acompañan os convenios tal como aparece reflexado nos mesmos.

Con todo, e pese ao propio mandato legal, a Xunta negouse a facilitar a información argumentando que sería un prexuízo para o secreto comercial e/ou a propiedade industrial, antepoñendo os intereses privados ao dereito a información da cidadanía.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Considera normal a Xunta de Galicia antepoñer intereses privados por enriba do dereito á información da cidadanía?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 18/12/2017 13:59:49

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.11 23168(10/PUP-000136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para acordar a redución do número de camas no novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 17:46
Nº Rexistro: 23168
Data envío: 15/01/2018 17:46:41.890



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** urxente en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma social, e entre o propio persoal do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, ante a probable redución de postos de traballo e da calidade na atención ás persoas pacientes, a causa da decisión da Consellería de Sanidade de reducir o número de camas estruturais no novo edificio do CHUOU.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014 anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio das mesmas sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución.

A adxudicación da obra realizouse á UTE Vías y Construcciones, S.A. + CRC + Extraco, S.A. por un importe de 41.140.000 euros, e cun descenso de investimento sobre o importe de licitación de 16.845.550 euros, un 28,5 % menos.

Segundo consta no proxecto da obra e tal e como se reflicten na referencia do Consello da Xunta de Galicia dese mesmo día, “a obra consiste na execución dun novo bloque de hospitalización, dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto da cidadanía).

Máis en detalle, a torre de hospitalización ten sete andares de hospitalización con dúas unidades por andar. Isto é, un total de 14 unidades das cales 9 son polivalentes médico - cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades innovadoras.



En total ten unha capacidade máxima de aproximadamente de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafetarías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Doutra banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, sala mortuoria e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro artículase en 3 andares con aproximadamente 700 prazas. A superficie útil é de 47.864 metros cadrados e a súa superficie construída de 53.941 metros cadrados”.

As instalacións da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU) puxéronse en marcha unha vez rematadas as obras en outubro de 2017 (cun retraso dun ano e sete meses a respecto da data prevista) e de que o Concello de Ourense concedese a licenza de ocupación e apertura do novo edificio de hospitalización.

O 11 de xaneiro de 2018 confirmáronse as sospeitas que había dende hai tempo, de que a Consellería de Sanidade ía reducir as novas unidades de 21 a 36 camas, o que sumado ao déficit de máis dun centenar de camas derivado do peche do Hospital de Piñor e a un sobreaforo crónico de máis de 100 camas no centro ourensán, afonda aínda máis na xa crítica e insustentable situación na que se atopa este centro dende hai tempo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron os motivos que levaron ao Goberno galego a tomar a decisión de reducir o número de camas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2018 17:46:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 17:46
Nº Rexistro: 23168
Data envío: 15/01/2018 17:46:41.890



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 15/01/2018 17:46:07

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2018 17:46:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.01.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.12 23169(10/PUP-000137)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre a situación a día de hoxe e as medidas adoptadas polo
Goberno galego para afrontar a epidemia de gripe nos centros
hospitalarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 17:50
Nº Rexistro: 23169
Data envío: 15/01/2018 17:50:40.264

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, María Ángeles García Míguez e Soraya Salorio Porral, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Pleno.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

Nestas pasadas datas temos asistido a un importante incremento da asistencia sanitaria de urxencia nos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde, en relación co pico anual da enfermidade gripal, que nesta semana parece remitir ata cifras normais nesta época invernal.

Como en anos anteriores, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ten tomado unha serie de medidas para facer fronte coas máximas garantías a este incremento asistencial, con plans de continxencia e reforzos de persoal, para minorar no posible as dificultades que se poden presentar nos servizos de urxencias dos hospitais galegos, do mesmo xeito que ocorre nos doutras comunidades autónomas, ou inclusive noutros países desenvolvidos do noso entorno.

A situación das urxencias dos hospitais galegos tivo unha repercusión moi importante en medios de comunicación, xerando unha importante alarma social, diante das acusacións por parte de sindicatos e partidos políticos contra o goberno da Xunta de Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 17:50
Nº Rexistro: 23169
Data envío: 15/01/2018 17:50:40.264

“Como está a situación da epidemia de gripe a día de hoxe, e que medidas se teñen tomado por parte das autoridades sanitarias galegas para facer fronte a esta situación de incremento asistencial nos nosos hospitais, diante desta enfermidade?”

Santiago de Compostela 15 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/01/2018 17:26:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/01/2018 17:27:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2018 17:27:15

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/01/2018 17:27:18

Marta Rodríguez Arias na data 15/01/2018 17:27:25

María Ángeles García Míguez na data 15/01/2018 17:27:46

María Soraya Salorio Porral na data 15/01/2018 17:27:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com